

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 70, do 11 de abril de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 5.661, anexo VI, onde di: «Equivalencia entre actividades de innovación educativa e a formación permanente do profesorado», debe dicir: «Equivalencia entre actividades de formación permanente do profesorado e actividades de innovación educativa, programas europeos e outras».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 229/2007, do 29 de novembro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Ourense, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de mellora do camiño veciñal Quintela de Leirado-Leirado.

A Deputación Provincial de Ourense, en sesión que tivo lugar o día trinta de marzo de dous mil sete, aprobou o proxecto de mellora do camiño veciñal Quintela de Leirado-Leirado e, na mesma sesión, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e este contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

Que o expediente foi tratado na comisión de secretarios xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Que o expediente contén a documentación á que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia, considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala a deputación, esta obra ten incidencia sobre a seguridade viaria, toda vez que, co novo trazado, se melloran as condicións de circulación peonil e rodada e sepáranse ambas, ao ampliar a plataforma e mellorar o trazado. Isto prodúcese a consecuencia da inqueda pública por diminuír o número de accidentes con vítimas que é patente, ocasionándose a meirande parte deles en vías ordinarias e tratando de rematar o acondicionamento desta estrada nun treito urbano no que necesariamente teñen que coexistir os tránsitos peonís e de vehículos. Tendo en conta ademais que, en xeral, é moi alto o número de atropelos a peóns, considerándose que con esta actuación diminuirán estes, evitando danos, sinistros e vítimas.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de novembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Ourense, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de mellora do camiño veciñal Quintela de Leirado-Leirado, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que foran necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e nove de novembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza